

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE XANEIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> : MARGARITA DEvesa CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. JOSÉ ALVELA EDREIRA D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Excusa asistencia	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (20/11/2008 e extraordinarias do 15/12/2008)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de novembro e das extraordinarias do quince de decembro do ano pasado, que quedas pendentes de aprobar

2º.- Acordo, se procede, sobre do Fondo Estatal de Inversión Local

Dáse conta do Real -Decreto -Lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crean un *Fondo Estatal de Inversión Local* e un *Fondo Especial del Estado* para a dinamización da economía e o emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento, regulando no seu artigo 3 as obras financiáveis

Vista a Resolución do 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solí-



citades, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ó *Fondo Estatal de Inversión Local*,

Proponse:

PRIMEIRO.- Solicitar a inclusión no citado Fondo Estatal de Inversión Local das seguintes obras:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CENTRO DE INTERPRETACIÓN PARROQUIAL DE VEDRA	119.301,39
ACONDICIONAMIENTO DA CASA DO FERROCARRIL EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA	116.493,99
LOCALES DE EXPOSICIÓN Y GRADERIO EN EL CAMPO DE LA FIESTA DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN	190.433,08
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN MULTIUSOS NO CAMPO DA FESTA DE TROBE	161.713,02
ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DE LOCAL SOCIAL DE SAN PEDRO DE SARANDÓN	55.898,11
PECHE DA PARCELA DO CEMITERIO DE PONTE ULLA	13.235,9
ACONDICIONAMIENTO DO COLEXIO DE ORTIGUEIRA PARA INSTALACIÓN DE COMEDOR	30.049,32
PECHE DA PISTA POLIDEPORTIVA DE PARADELA	28.734,7
CONSTRUCCIÓN DUN PORCHE NA CASA PARROQUIAL DE SAN ANDRÉS DE ILLOBRE	13.743,09
SANEAMENTO DE SOCASTRO	108.119,28
SANEAMENTO REBOREDO -PTE ULLA	17.526,41
ABASTECIMIENTO EN MERÍN	45.267,71
TOTAIS	900.516

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde e ó Sr. Secretario para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real-Decreto-Lei, en relación co artigo 3 da Resolución do 9 de decembro de 2008

Dona Xosefina R. Guitián Lema expón que se presentan proxectos novos e un proxecto, ó do campo da festa de San Miguel, que recibiu anteriormente alegacións de máis da metade da parroquia, e polo tanto que non vai estar a favor dun proxecto que non se presentou de novo á parroquia, polo que vai absterse neste punto, precisamente por esta obra, ó tempo que aproveita para denunciar que non se contestasen as alegacións un ano e medio despois de ser presentadas, e ademais por tratarse dunha obra afectada por unha zona de protección patrimonial, e dada a celeridade con que deben realizarse os investimentos incluír neste fondo ten dúbidas sobre da execución da mesma en prazo.

O Sr. Alvela de TEGA di que as obras que se propoñen foron deliberadas na comisión informativa inicial, celebrada no mes de decembro, e nas dúas últimas desta semana, e que son necesarias polo que o seu voto vai ser favorable.



Pola súa parte o Sr. Martínez do PP di que hai que felicitarse polos fondos destinados a Vedra, e máis, ó ser finalistas son para investimentos, que é o que defende o seu partido. Di tamén que as obras incluídas foron solicitadas polos veciños e necesarias nas parroquias, polo tanto o seu voto será favorable. Malia o anterior di que en abastecemento e saneamento o importe é pequeno, pero que se valoraron obras, coma o Local Social de San Fins, o saneamento en Tomonde e a prolongación do abastecemento de Vedra á Trobe, cuxo orzamento tampouco é elevado, polo que se ben o seu voto, como dixo, é favorable á proposta, propón que as tres obras sinaladas se inclúan no orzamento do ano 2009 con cargo a plans de obras, obradoiros de emprego ou outro tipo de programas, dado que os tres proxectos xa foron debatidos por todos os grupos e inicialmente proposta a súa inclusión neste fondo

Don José Antonio Sánchez do PSdeG-PSOE en primeiro lugar, en relación co exposto polo Sr. Martínez, di que van ter a ocasión, en breve, de debatir eses tres proxectos que quedaron fóra, ós efectos de incluílos noutros programas ou nos orzamentos do 2009, agradecéndolle as palabras do PP, que presentou unha proposta para crear un comisión encargada de deliberar e decidir sobre deste asunto; que efectivamente se convocou a reunión rapidamente, agradecendo tamén todas as achegas dos grupos. Di tamén que é unha oportunidade única de levar a cabo unha serie de investimentos moi necesarios para as parroquias e os veciños, e que como socialista, felicítase pola iniciativa do goberno estatal de crear este fondo, que ten como obxectivo prioritario paliar o desemprego nunha época de crise e fomentar o investimento nos concellos, con fondos distribuídos entre todos os concellos con criterios absolutamente transparentes e obxectivos

Por último intervén a Presidencia para darlle as grazas a todos os grupos pola colaboración na tramitación deste plan, non sin antes dicir, que nel se aposta pola parroquia de San Miguel de Sarandón, dado que nela se celebra a única festa da provincia da Coruña con denominación de orixe, a Festa do Viño da Subzona das Rías Baixas, e que xa a Deputación Provincial concedeu unha axuda de 95.000 euros e que se está a negociar con Agader a concesión doutra por un importe de 102.000 euros, pola súa importancia para a parroquia, e para o concello. Di tamén que con este investimento se pecha un ciclo que comezou con arranxos en todos os locais sociais, e que a partir de aquí os investimentos estarán orientados a abastecemento e saneamento principalmente.

Posta a votación a citada proposta apróbase con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG.

### **3º.- Acordo, se procede, sobre do Plan Especial de Parques Infantís 2009 da Deputación Provincial**

Dáse conta das bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, publicadas no BOP num. 255/08, do 5 de novembro

Ó abeiro das mesmas, propónse:

1º.- Participar no Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:



DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Mellora do acondicionamento de parques infantís en San Xián e Santa Cruz</i>	50.345,23	7.551,78	42.793,45

2º.- Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento

4º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7º.- Facultar ao Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2008 para a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia


Dáse conta da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 26 de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia (DOG num. 1/09, do 2 de xaneiro).

Ó abeiro da mesma, proponse:

1º.- Solicitar unha subvención para a realización das seguintes obras ou equipamentos :

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENC. SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL
<i>Acondicionamiento de parques infantís en Vedra, Illobre e Ponte Ulla</i>	84.336,07	67.468,86	16.867,21

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde.



3º.- Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das actuacións solicitadas

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes para o financiamento do investimento solicitado.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**5º.- Acordo, se procede, sobre bases xerais que rexerán a selección de candidatos/as que integrarán as listas de persoal para a cobertura, con carácter transitorio, de prazas de funcionarios e persoal laboral**

Dáse conta da proposta de bases xerais que rexerán a selección de candidatos/as que integrarán as listas de persoal para a cobertura, con carácter transitorio, de prazas de funcionarios e persoal laboral.

Don José A. Sánchez do PSdeG-PSOE di que antes do comezo da sesión o Sr. Martínez do PP dixo que ía facer unha proposta no sentido de retirar as bases , expoñendo que o grupo de goberno non ten ningún inconveniente para debatilos hoxe ou retrasar o seu debate para o pleno seguinte


O Sr. Martínez do PP expón que dados os problemas de saúde da concelleira do BNG non se puido debater o tema na comisión informativa e dado que é un tema importante pero que pode aprobarse hoxe ou no pleno seguinte.

O Sr. Alvela de TEGA di que lamenta a ausencia da voceira do BNG na comisión informativa, pero cada vez ten máis claro o seu voto despois de escoitar o informe do Sr. Secretario respecto do acordo do pleno do mes de marzo así como respecto da legalidade dalgún dos puntos das bases presentadas polo BNG para a praza de limpadora , debendo ó seu entender as bases rexirse pola legalidade e pola boa práctica e por ter unhas bases que dalgún xeito sexan operativas

Di tamén que non ten inconveniente en votar agora ou aprazar o debate para o vindeiro mes.

Xosefina R. Guitián do BNG di que lle encantaría coñecer ese informe do Sr. Secretario con respecto ó acordo de marzo e á proposta do BNG, xa que o solicitou por escrito fai máis de un mes e non se lle contestou, pero tamén lle gustaría coñecer o informe por escrito do mesmo Sr. Secretario, respecto das bases que se presentan hoxe polo grupo de goberno

Di tamén que non lle importaría debatilas agora ou aprazalas, explicando agora as razóns do BNG para estar en contra destas bases xerais. Expón que pode ser razoable e axustado, en certo modo, ó aprobado en marzo , facer unhas bases marco, polas que se rexirán as convocatorias concretas de cada convocatoria, pero o que se propón aquí é elaborar unha lista de espera previa, un filtrado previo, que ademais se procura concretamente garantir que nese filtrado previo non haxa ningunha dúbida para que as persoas que están contratadas agora de xeito temporal, ou que nalgún momento traballaron, pasen ó mesmo e formen esas listas e despois no momento real da convocatoria de prazas, cando un opositor ten que amosar os seus coñecementos e valía para o posto competindo con outros opositores, só competirá con 4 , que previamente pasaron o filtrado, e non con calquera outro, o que lle parece inadmisíbel política e eticamente e legalmente dubidoso.



Ademais expón que está disposta a discutir hoxe con calma unha proposta de bases xenéricas que sexan xustas e transparentes de verdade e admisibles para todos, non tendo ningún inconveniente en valorar nestas bases o tempo traballado na administración nin en que se presente xente doutros concellos. Por iso se se someten a votación hoxe o seu voto será en contra, e se se quere debatir con máis calma non ten inconveniente en presentar nun prazo de 15 días ou nunha semana unha proposta alternativa dunhas bases xenéricas, resumindo que non está de acordo en que se valore o tempo traballado no concello ó tempo que se primen os cursos; que se valore tanto os cursos coma a proba práctica e a valoración da titulación superior á esixida.

Don José A. Sánchez di que para o seu grupo esta cuestión non foi nunca transcendental, xa que a promotora da iniciativa foi a concelleira do BNG a través da propia moción e a través da proposta que fixo no mes de novembro para unhas bases específicas, considera oportuno que se voten . Di que lamenta a ausencia da concelleira do BNG na comisión informativa pero á vista da súa actitude, dándolle leccións a todos de como se deben facer as cousas, calificando as bases como impresentables, cando na súa proposta contempla cuestións que non respectan á lei, como é o caso de que formen parte das mesas de seleccións os representantes sindicais

Por último di que as bases cumpren a lei e van apoiadas

Xosefina R. Guitián di que non pretende dar leccións a ningún pero que ela presenta unha proposta facendo máis traballo do que lle compete, sen asesoramento técnico que o grupo de goberno ten pagado por todos, polo que non debería existir ningún motivo de impugnación das bases que houbo ata o de agora e nada susceptible de ilegalidade nas propostas que se presenten

Di ademais que ela sempre tivo unha actitude bastante constructiva neste tema para que as cousas se saquen dos tribunais e se comezen a facer con transparencia para que o concello no estea na boca de todos con respecto ó tema de contratación de persoal

O Sr. Alvela di que se someten a votación no pleno de hoxe solicita que o Sr. Secretario proceda á lectura do informe sobre do acordo adoptado polo pleno no mes de marzo e sobre da proposta de bases presentada polo BNG, por ser determinante para tomar unha decisión

O Sr Secretario procede á lectura do informe solicitado ó respecto pola Alcaldía , no que se relacionan os puntos nos que o acordo adoptado no pleno do mes de marzo infrinxe a lexislación vixente con respecto ás convocatorias e bases das mesmas.


O Sr. Albela di que no momento en que se adoptou o acordo do mes de marzo descoñecía aspectos legais e que se agora existe ese informe parécelle lóxico recuperar a legalidade nese aspecto

Dona Xosefina R. Guitián di que á vista do informe o que si segue sendo perfectamente válido é que se acorde en pleno, e en canto a outros aspectos coma o prazo ela establecía 15 días, para non ser demasiado estricta, cando ten detectado no taboleiro de concellos prazos de 7 días para algunha convocatoria.

O Sr. Secretario aclara que na proposta se fala de prazos que estean incluídas na oferta de emprego público, que son ás que se refire no seu informe

Xosefina R. Guitián puntualiza que ela se refire a prazos temporais e de urxencia

O Sr. Secretario di que o acordo de marzo se presentou por urxencia e que ningún lle solicitou informe e que agora o presenta a pedimento do Sr. Alcalde



O Sr. Martínez expón que o tema é suficientemente importante para debatilo con calma na comisión informativa , que non se puido facer por circunstancias extraordinarias, pero que non supón ningún problema entre aprobalo hoxe ou un mes máis tarde, por iso propón retirar o asunto da orde do día para debatilo nunha comisión informativa, con todas as propostas e informes xurídicos correspondentes, e tratar de aprobar entre todos unhas bases marco para as distintas convocatorias.

Don Antonio Sánchez di que como xa dixo na súa primeira intervención lle parece razoable a proposta do PP de retirar o asunto da orde do día e traelas ó pleno do mes de febreiro, pero que en novembro adquiriu o compromiso de tratar este tema no mes de decembro , que incumpriron pero que o traen hoxe. Manifesta que está de acordo en que o tema é o suficientemente importante para debatilo con calma, pero os eu enfado é debido a que antes de decidir se se debatía ou non a concelleira do BNG xa as calificaba de impresentables

Dona Xosefina Gutiérrez di que non ten ningún inconveniente en debatilas máis sosegadamente en febreiro, con outras propostas

A Presidencia decida retirar o asunto da orde do día

#### **6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Gutiérrez do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre do estado da estrada de Ponte Ulla -Codeso, di que está en mal estado ó estar en obras, que se fixeron dúas queixas dos veciños que xa as contemplaron e que no que se refire ó tramo urbano de Ponte Ulla se está á espera dunha reunión co Delegado e a Asociación de Veciños da parroquia para ter unha alternativa; o resto é de competencia autonómica.

2º.- En canto á pregunta sobre do Plan de Travesías , di que houbo unha modificación no que se refire á obra de San Miguel, que se contemplaba inicialmente como beirarúas e agora como zona peonil, e que a Deputación a vai incluír no orzamento do 2009

3º.- Á pregunta sobre da imaxe do novo viaducto sobre o Río Ulla, di que Adif só enviou ó concello os planos para o proceso de expropiación pero que o proxecto non o envían pero que se pode consultar alí nas oficinas da Ulla.


En canto ás escombrecas de Gundián di que é unha finca particular do Sr. Canicoba e a terra está destinada a recuperar o entorno da zona

4º.- Sobre da sinalización da tonelaxe di que xa fai tres meses que se lle enviou o decreto á empresa sobre da limitación das pistas afectadas polas obras do AVE, e que non hai noticias de que fosen utilizadas

--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo , a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre das obras de saneamento en San Xián di que as obras en si están rematadas, que só falta a conexión de Fenosa para a propia depuradora ; que o concello xa fixo as súas xestións e estase a espera de recibir o proxecto para entregar en Fenosa

2º.- Sobre da estrada Vedra -Santa Lucía, di que están a buscar a forma de encaixar a estrada no terreo expropiado e polo tanto se está á espera de que a Deputación tome unha determinación



3º.- en canto á antena de telefonía móbil de San Xián e San Fins, di que a empresa recurriu o decreto da Alcaldía e polo tanto hai que esperar á sentenza

4º.- Sobre do desenvolvemento do SUND, contéstalle que o PXOM ten a súa propia lexislación , que establece uns prazos para o desenvolvemento tanto dos SUND coma do PEI e PER polos promotores dos terreos ou por iniciativa privada. Unha vez que eses prazos rematen o concello pode tomar a iniciativa, se ben cree que este non é o momento apropiado

### 7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula as seguintes preguntas:

1ª- Con respecto ó campo de festa de San Miguel de Sarandón, cando se van a contestar as alegacións presentadas polos veciños ó proxecto de acondicionamento do mesmo? . É certo que existe un reformado sobre do proxecto inicial que foi alegado? Se é así cando se vai coñecer?

2ª.- Ten coñecemento o concello de que existen de novo verquidos da depuradora das vivendas unifamiliares de Xián -Trobe?

3ª:- Tendo en conta o escrito remitido polo Sr. Alcalde respecto á resolución do pleno extraordinario do 15/12/2008 no que se tratou este tema, no que di que o concello xa estaba adoptando as medidas oportunas para repoñer a legalidade urbanística vixente, pregunto que medidas tomou para repoñer esa legalidade ? En concreto solicito ver o escrito requirindo á empresa a subsanar as deficiencias detectadas no complexo de vivendas de Xián?

--O Sr. Alvela de TEGA roga que se é de competencia municipal , se adopten as medidas necesarias para retirar o coche que está abandonado diante do Restaurante Os Palmeiros, pola súa mala imaxe.

Contéstalle o Sr. Eloy J. Iglesias e di que o concello xa fixo algún trámite para retirar ese e outro que está xunto da Cafetería O Kenyas, pero que os trámites son lentos, ó ter que dalos de baixa en Tráfico


-- O Sr. Martínez do PP formula os seguintes rogos e preguntas:

1) En relación ás obras (acometidas, tuberías, etc) a realizar na estrada provincial de Ponte Ulla a Touro, ó seu paso pola zona urbana de Ponte Ulla, e xa reclamadas pola Asociación de Veciños de dita localidade, así como por veciños particulares ¿Qué é o que se fixo ata o día de hoxe?

En relación a este mesmo tema rogamus se atendan de forma urxente e dilixente ás reclamacións dos veciños máis afectados por ditas obras no tocante os danos, molestias e prexuízos que están a sufrir polas mesmas (arranxo de buratos, arranxos de peraltes que en época de choiva enchen e encherán as vivendas de auga e barro, etc, etc)

2) ¿Por qué non se lle concederon as prácticas da ludoteca a Dª. Margarita Mallo, Presidenta da Comunidade de vivendas en Xián?

3) Enlazando co tema de Xián, onde os seus problemas non se solucionaron, senón todo o contrario, aumentaron (neste aspecto destacamos que os verquidos da depuradora se infiltran xa a través do muro,...) e coñecendo que o Concello , cando menos en oito vivendas, foille concedida a licenza de primeira ocupación, preguntamos e rogamus:





A) Que xestións se levaron ou se están a levar a cabo por parte do concello con Vengalicia para que esta última empresa resolva os problemas de urbanización de Xián?

B) Rogamos que no prazo máximo de 7 días, se informe polos técnicos do Concello, sobre o estado no que están a día de hoxe as deficiencias reclamadas e denunciadas (muro, depuradora, auga), e informen tamén de qué medidas se deben adoptar para a subsanación dos mesmos por parte de Vengalicia, S.L

C) Rogamos se nos facilite copia da licenza de obras da fosa séptica - depuradora de dita obra realizada por Vengalicia en Xián

D) Rogamos se nos facilite copia da autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga ás mencionadas vivendas de Xián

4) Rogamos se non facilite unha copia do avance ou proxecto dos presupostos do concello para o ano 2009

#### **8º.- Rogos e preguntas veciñais**

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión e non intervén ninguén

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos

